

Código do documento	Código do expediente
<b>UDP15I003Q</b>	<b>UDP/2021/12</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4348 696K 611Y 4R1E 0H1I	

CFP

## RESOLUCIÓN

Visto o informe de data 25 de maio de 2021 emitido por Carlos Fernández Puyol, xefe de servizo de Deportes e Participación Cidadá, que literalmente di:

“Carlos Fernández Puyol, xefe de servizo de Deportes e Participación Cidadá,

INFORMO,

Que ante o inicio do curso escolar e tempada deportiva 2021-2022, proponse a convocatoria para a presentación de solicitudes do uso das instalacións deportivas municipais por parte dos centros docentes, entidades deportivas, anpas, peñas deportivas e entidades de benestar social.

C.I.F. P-1503100-H

O periodo de afectación será de setembro de 2021 a agosto de 2022 para os polideportivos do Burgo, Ría do Burgo, Vilaboa, Almeiras e Tarrío así como para os campos de fútbol do Burgo, Rutis, Tarrío e Almeiras.

O prazo para a presentación de solicitudes abarca dende o 14 de xuño ata o 6 de xullo de 2021, ambos incluídos.

Todas as solicitudes poderán presentarse por rexistro telemático na sede do concello de Culleredo:<https://sedeelectronica.culleredo.es/opensiac/action/main?method=enter>

Tamén se poderán presentar nos rexistros contemplados na Ley 39/2015, de 1 de outubro.”

RESOLVO:

Primeiro.- Abrir o prazo para a presentación de solicitudes para o uso de instalacións deportivas municipais, sendo este do 14 de xuño ata o 6 de xullo de 2020, ambos incluídos.

Segundo.- Publicar dito prazo no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Culleredo.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, se se interpuxera o potestativo de reposición, en tanto non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición, de acordo co establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

Código do documento	Código do expediente
<b>UDP15I003Q</b>	<b>UDP/2021/12</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4348 696K 611Y 4R1E 0H1I	

Neste caso, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses desde a resolución expresa do recurso, a contar desde o día seguinte ao da notificación do mesmo; ou ben, seis meses, a contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso potestativo de reposición.

En todo caso, poderá interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente para a defensa dos seus intereses.

Culleredo,

A proposta de  
O xefe de servizo de Deportes  
e Participación cidadá

Conforme coa proposta, elévase a resolución  
Culleredo,  
O Concelleira delegada de Política social,  
Mocidade e Promoción do deporte

C.I.F. P-1503100-H

*P.D. (Resolución do 13.07.2020,  
BOP núm. 114 de 23.07.2020)*

Dou fe,  
A secretaria xeral